- Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o tipo de procedemento e o ámbito territorial.
- Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada e persoas traballadoras afectadas, segundo o ámbito territorial (evolución 2021-2025).


3.1 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada e persoas traballadoras afectadas, segundo o ámbito territorial

Ámbito	nº procedementos	nº persoas traballadoras
Autonómico	7	712
A Coruña	128	1.253
Lugo	23	133
Ourense	14	708
Pontevedra	106	8.749
Totais	278	11.555

G 3.1 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada e persoas traballadoras afectadas, segundo o ámbito territorial

3.2 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial, desagregados por meses


Meses	Ámbito					
	Autonómico	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
xaneiro	1	4	2	3	8	18
febreiro	1	4	1	0	8	14
marzo	0	9	2	2	6	19
abril	0	57	13	1	25	96
maio	0	6	2	2	9	19
xuño	1	8	2	0	8	19
xullo	1	6	0	2	7	16
agosto	0	4	0	1	1	6
setembro	0	8	1	0	7	16
outubro	0	8	0	1	8	17
novembro	1	12	0	0	8	21
decembro	2	2	0	2	11	17
TOTAL	7	128	23	14	106	278

G 3.2 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial, desagregados por meses

3.3 Persoas afectadas polos procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial, desagregados por meses

Meses	Ámbito					
	Autonómico	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
xaneiro	8	13	31	333	52	437
febreiro	116	19	25	0	5.138	5.298
marzo	0	37	16	119	843	1.015
abril	0	143	24	30	120	317
maio	0	314	8	34	243	599
xuño	217	240	19	0	56	532
xullo	100	154	0	10	439	703
agosto	0	24	0	161	7	192
setembro	0	56	10	0	56	122
outubro	0	25	0	4	467	496
novembro	16	209	0	0	1.051	1.276
decembro	255	19	0	17	277	568
TOTAL	712	1.253	133	708	8.749	11.555


G 3.3 Persoas afectadas polos procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial, desagregados por meses




3.4 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada e persoas traballadoras afectadas, desagregados por meses e por sexos

Meses	nº procedementos	n.º persoas traballadoras afectadas	n.º homes	n.º mulleres	% homes	% mulleres
xaneiro	72	735	474	261	64,49%	35,51%
febreiro	34	619	441	178	71,2%	28,76%
marzo	30	452	313	139	69,25%	30,75%
abril	30	2.485	1728	1.057	69,54%	42,54%
maio	31	978	667	311	68,20%	31,80%
xuño	36	1.131	828	303	73,21%	26,79%
xullo	23	851	640	211	75,21%	24,79%
agosto	21	301	194	107	64,45%	35,55%
setembro	16	79	54	25	68,35%	31,65%
outubro	25	249	156	93	62,65%	37,35%
novembro	28	305	183	122	60,00%	40,00%
decembro	23	1.120	851	269	75,98%	24,02%
TOTAL	369	9.305	6.529	3.076	70,17%	33,06%

G 3.4.1 Persoas afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada desagregadas por meses e sexos



G 3.4.2 Porcentaxe de persoas afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada desagregadas por meses e sexos




3.5 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o tipo de procedemento e o ámbito territorial

	ERE despedimento	ERTE ETOP suspensión/reducción xornada	ERTE FORZA MAIOR suspensión/reducción xornada
Autonómico	3	4	0
A Coruña	14	24	90
Lugo	1	5	17
Ourense	3	9	2
Pontevedra	17	50	39
Totais	38	92	148

ERE: despedimento colectivo por calquera causa

ERTE ETOP : Erte de suspensión/reducción xornada por causas económicas, técnicas, organizativas e/ou de produción

ERTE FORZA MAIOR: Erte de suspensión/reducción xornada por causa de forza maior

G 3.5 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o tipo de procedemento e o ámbito territorial

3.6 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada e persoas traballadoras afectadas, segundo o ámbito territorial (evolución 2021–2025)

Expedientes						
Ano	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Autonómicos	Totais
2021	2.652	923	776	1.690	127	6.168
2022	197	31	47	223	21	519
2023	177	14	22	191	12	416
2024	121	13	24	207	4	369
2025	128	23	14	106	7	278

Persoas traballadoras afectadas						
Ano	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Autonómicos	Totais
2021	9.080	3.267	3.568	17.375	2.449	35.739
2022	3.307	696	1.658	9.673	3.961	19.295
2023	3.528	148	610	10.035	1.255	15.576
2024	1.180	102	893	6.716	414	9.305
2025	1.253	133	708	8.749	712	11.555

Expedientes					
Ámbito	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	2.652	197	177	121	128
Lugo	923	31	14	13	23
Ourense	776	47	22	24	14
Pontevedra	1.690	223	191	207	106
Ámbito autonómico	127	21	12	4	7
TOTAIS	6.168	519	416	369	278

Persoas traballadoras					
Ámbito	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	9.080	3.307	3.528	1.180	1.253
Lugo	3.267	696	148	102	133
Ourense	3.568	1.658	610	893	708
Pontevedra	17.375	9.673	10.035	6.716	8.749
Ámbito autonómico	2.449	3.961	1.255	414	712
TOTAIS	35.739	19.295	15.576	9.305	11.555



04

Apertura de centros de traballo

04

Apertura de centros de traballo

Fontes e notas metodolóxicas

O obxecto desta actividade estatística é obter información sobre as aperturas de centros de traballo ou de reinicio de actividade, despois de efectuar alteracións, ampliacións ou transformacións de importancia, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e co período de referencia do ano 2025.

As principais disposicións legais sobre esta materia son as recollidas na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral

Real decreto lei 1/1986, do 14 de marzo, de medidas urxentes administrativas, financeiras, fiscais e laborais (BOE 26.03.86).

Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 24.10.2015).

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE 10.11.95).

Real decreto 39/1997, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención (BOE 31.01.97).

Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (BOE 25.10.97).

Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental (DOG 01.07.2008).

Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Orde TIN/1071/2010, do 27 de abril, sobre requisitos e datos que deben reunir as comunicacións de apertura ou de reinicio de actividades nos centros de traballo (BOE 01.05.10).

Orde do 1 de xuño de 2016 pola que se aproba e se dá publicidade do modelo de comunicación de apertura ou recomezo da actividade centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG 12.07.16).

2) Transferencia

Real decreto 2412/1982, do 24 de xuño, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE 28.09.82, DOG 19.10.82).

Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG 19.10.82).

A fonte primaria de información procede das

comunicacións de apertura dun centro de traballo ou de reinicio da actividade que o empresario debe facer ante a autoridade laboral competente, nas direccións territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da provincia onde radique o centro de traballo, segundo o disposto no artigo 6.1 do Real decreto lei 1/1986, do 14 de marzo.

Está obrigado a efectuar a comunicación o empresario, calquera que sexa a actividade que realice. Para estes efectos os conceptos de empresario e de centro de traballo son os expresados nas súas definicións positivas, de conformidade co ordenamento xurídico social.

Para a obtención dos resultados anuais das comunicacións de apertura, faise un envorcado das bases de datos desta Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, extraéndose os resultados dos catro departamentos territoriais da Consellería.

Co tratamento destes datos obtemos a estatística anual correspondente a esta operación.

Variables


As variables recollidas son as contidas nos modelos oficiais das comunicacións de aperturas segundo o anexo A da Orde TIN/1071/2010, do 27 de abril. As variables máis relevantes son:

- Tipo de actuación: as aperturas de centros poden ser debidas á creación de novos centros, reinicio de actividade, cambio de actividade ou traslado dun xa existente.
- Empresa á que pertence: poden pertencer a empresas de nova creación ou xa existentes.
- Localización xeográfica.
- Número de persoas traballadoras ocupadas (homes, mulleres e total).

4.1 Comunicación de aperturas de centros de traballo rexistradas, por tipo de actuación e provincia. Ano 2025

Tipo Actuación	Totais	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
NOVA CREAMIÓN	21.755	8.422	3.433	2.685	7.215
REANUDACIÓN DE ACTIVIDADE	180	67	45	8	60
CAMBIO DE ACTIVIDADE	33	14	5	1	13
TRASLADO DE CENTRO	457	231	29	15	182
MODIFICACIÓN DATOS	390	173	81	46	90
TOTAIS	22.815	8.907	3.593	2.755	7.560


G 4.1 Comunicación de aperturas de centros de traballo rexistradas, por tipo de actuación e provincia.



4.2 Distribución provincial das persoas traballadoras en centros de traballo segundo o sexo.
Ano 2025

	Nº homes	Nº mulleres
A Coruña	49.616	7.855
Lugo	22371	1.801
Ourense	15.338	1.388
Pontevedra	37.273	6.374
Totais	124.598	17.418

G 4.2 Distribución provincial das persoas traballadoras en centros de traballo segundo o sexo



4.3. Distribución provincial dos centros de traballo rexistrados e persoas traballadoras ocupadas. Evolución 2021–2025

Total centros de traballo					
	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	8.565	8.832	9.179	8.560	8.907
Lugo	3.410	3.320	3.773	3.419	3.593
Ourense	2.547	2.533	2.681	2.748	2.755
Pontevedra	7.075	7.147	7.399	7.167	7.560
Total	21.597	21.832	23.032	21.894	22.815

Total persoas traballadoras					
	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	50.861	53.649	57.845	53.153	57.471
Lugo	20.716	21.739	31.111	23.867	24.172
Ourense	14.171	15.019	15.480	16.482	16.726
Pontevedra	37.231	36.658	42.037	41.058	43.647
Total	122.979	127.065	146.473	134.560	142.016



05

Empresas de traballo temporal

05

Empresas de traballo temporal

Fontes e notas metodolóxicas

O obxectivo desta actividade é coñecer a estrutura e a incidencia da contratación a través das empresas de traballo temporal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, tomando como variables de referencia os seus contratos de posta á disposición formalizados.

As principais disposicións legais referidas a esta materia son as contidas na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral

- Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, (BOE 2.06.94).
- Real decreto 417/2015, do 29 de maio, polo que se aproba o regulamento das empresas de traballo temporal, (BOE 20.06.15).
- Real decreto legislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 24.10.15).

2) Transferencia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29.1º, recolle como competencia propia desta comunidade autónoma a execución da lexislación básica do Estado en materia laboral e, dentro da estrutura orgánica da Xunta de Galicia, a dita competencia está asignada á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspondendo o seu ámbito funcional á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

O Rexistro de empresas de traballo temporal, dependente da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, realiza a inscrición e anotación rexistral destas, separando as de ámbito provincial das de ámbito autonómico. Tamén hai unha serie de obrigas de información á autoridade laboral por parte destas empresas que teñen que comunicar a relación de contratos de posta á disposición formalizados no mes anterior.

Igualmente, a empresa ten a obriga de comunicar á autoridade laboral, dentro dos quince días seguintes á súa produción, os seguintes actos:

- os cambios de titularidade e de domicilio da empresa.
- o cambio das persoas que ostenten cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, indicando os seus datos identificativos.

- a apertura de novos centros de traballo.
- o cesamento da actividade como empresa de traballo temporal.

Todas estas funcións están adscritas á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

A información referida aos contratos de posta a disposición e ás cesións de persoas traballadoras ás empresas usuarias procede das relacións de contratos de posta á disposición que achegan, mensualmente, á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais as empresas de traballo temporal.

Denomínase empresa de traballo temporal a aquela na que a súa actividade fundamental consiste en pór a disposición doutra empresa (denominada usuaria), con carácter temporal, persoas traballadoras contratadas por ela. Poderán actuar, ademais, como axencias de colocación cando cumpran os requisitos establecidos na Lei 56/2003, de 16 de decembro, de Emprego, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, poderán desenvolver actividades de formación para a cualificación profesional conforme á normativa específica de aplicación, así como de asesoramento e consultaría de recursos humanos.

O contrato de posta á disposición é o realizado entre a empresa de traballo temporal e as empresas usuarias, e ten por obxecto a cesión da persoa traballadora para prestar servizos na empresa usuaria. Este tipo de contratos pode realizarse nos mesmos supostos e baixo as mesmas condicións e requisitos en que a empresa usuaria podería realizar un contrato de duración determinada, conforme ao disposto no artigo 15 do Estatuto dos traballadores.

Existen 6 modalidades de contratación:

Tipo 1: por realización de obra ou servizo determinado.

Tipo 2: eventual.

Tipo 3: interinidade.

Tipo 4: prácticas.

Tipo 5: formación e aprendizaxe.

Tipo 6: fixo-discontinuo.

A información sobre cesións de persoas traballadoras recolle que se unha persoa traballadora foi cedida en máis dunha ocasión se computará por unha soa vez.

Variables de estudo

Contratos de posta á disposición realizados no ano 2025 nas empresas de traballo temporal autorizadas pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais e persoas traballadoras afectadas.

Variables de clasificación

Contratos de posta á disposición realizados nas empresas de traballo temporal autorizadas pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, segundo a provincia ou provincias que figuran na listaxe de contratos.

Contratos de posta a disposición realizados nas empresas de traballo temporal autorizadas pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais. Evolución 2021-2025.


5.1 Contratos de posta a disposición realizados nas empresas autorizadas pola Autoridade Laboral de Galicia, segundo o ámbito de actuación e a modalidade de contratación

	Causa do contrato						Totais
	Realización de obra ou servizo determinado	Eventual por circunstancias de produción	Interinidade por reserva de posto de traballo	Prácticas	Formación e aprendizaxe	Fixo-discontinuo	
A Coruña	2.414	6.499	226	1		1.292	10.432
Lugo	75	258	25			6	364
Ourense		591	42			1	634
Pontevedra	3.025	2.348	161			848	6.382
Totais	5.514	9.696	454	1	0	2.147	17.812

5.2 Persoas traballadoras postas á disposición polas empresas de traballo temporal autorizadas pola Autoridade Laboral de Galicia, segundo ámbito de actuación

Persoas traballadoras	
A Coruña	6.543
Lugo	163
Ourense	422
Pontevedra	4.846
Totais	11.974

G 5.2 Persoas traballadoras postas a disposición polas empresas de traballo temporal autorizadas pola Autoridade Laboral de Galicia, segundo ámbito de actuación





06

Desprazamento transnacional de persoas traballadoras

06

Desprazamento transnacional de persoas traballadoras

Fontes e notas metodolóxicas

O obxectivo desta actividade estatística é o de obter información sobre os desprazamentos de persoas traballadoras doutros países á Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Lei 45/1999, do 29 de novembro, no marco dunha prestación transnacional.

As principais disposicións legais referidas a esta materia son as contidas na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral

- Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre desprazamento de traballadores no marco dunha prestación transnacional (BOE n.º 286, do 30.11.1999).
- Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción (BOE n.º 219, do 19.10.2006).
- Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da

construción (BOE n.º 204, do 25.08.2007, CE-BOE n.º 219, do 12.09.2007).

2) Autonómica

Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ao modelo de comunicación do desprazamento de traballadores e traballadoras no marco dunha prestación de servizos transnacional ao abeiro da Lei 45/1999, do 29 de novembro (DOG n.º 130, do 06.07.2009).

Orde do 15 de maio de 2008 pola que se crea o Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia para intervir no proceso de contratación no sector da construción.

3) Transferencia

Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE 28.09.82; DOG 19.10.82).

Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG 19.10.82).

A información procede da explotación estatística-informática que efectúa á Subdirección Xeral de Relacións Laborais, da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, para toda a Comunidade

Autónoma de Galicia, tomando como fonte os datos recibidos a través do programa TRADES (<https://trades.xunta.es>) de comunicación telemática destes desprazamentos, así como, das comunicacións recibidas en papel e trasladadas ao referido programa. Esta información complétase cos datos recollidos do Rexistro de Empresas Acreditadas do Sector da Construción (REA) (<http://rea.mtin.gob.es/rea/>), en virtude da normativa que lle é de aplicación e pola que as empresas da construción que veñan a traballar a Galicia neste sector deben inscribirse de xeito telemático, indicando os/as traballadores/as que desprazan, cumprindo así o requisito esixido na Lei 45/1999.

En relación co REA resaltar que se refire a un só sector, aínda que moi importante neste tipo de desprazamentos, o da construción, pero só afecta á primeira vez que a empresa traballa na Comunidade Autónoma de Galicia, é dicir, cando se ten que inscribir no referido rexistro para poder intervir nas obras de construción. Nas sucesivas ocasións que traslade persoal a Galicia deberá facer a comunicación do xeito habitual e figurarán no programa TRADES.

Para os efectos da Lei 45/1999, segundo o establecido no artigo 2.1 enténdese por:

1) Desprazamento no marco dunha prestación transnacional:

O efectuado a España, neste caso ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, polas empresas incluídas no ámbito de aplicación da lei durante un período limitado de tempo en calquera dos seguintes supostos:

- O desprazamento dunha persoa traballadora por conta e baixo a dirección da súa empresa en execución dun contrato realizado entre esta e a destinataria da prestación de servizos, que estea establecida ou exerza a súa actividade en España.
- O desprazamento dunha persoa traballadora a un centro de traballo da propia empresa ou doutra empresa do grupo do que forme parte.

Para os efectos do parágrafo anterior, enténdese por grupo de empresas o formado por unha empresa que exerce o control e as empresas controladas nos termos do art. 4 da Lei 10/1997, do 24 de abril, sobre dereitos da información e consulta dos/as traballadores/as nas empresas e grupos de empresas de dimensión comunitaria.

- O desprazamento dun/ha traballador/a por parte dunha empresa de traballo temporal (ETT) para a súa posta a disposición dunha empresa usuaria que estea establecida ou que exerza a súa actividade en España.

Nos dous primeiros casos non será necesaria a comunicación de desprazamento transnacional cando a duración deste desprazamento non supere os oito días, non obstante, no caso das ETT deberán comunicalo sempre, aínda que non supere ese tempo.

2) Traballador/a desprazado/a:

A persoa traballadora, calquera que sexa a súa nacionalidade, das empresas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 45/1999, desprazada a España, neste caso á Comunidade Autónoma de Galicia, durante un período limitado de tempo no marco dunha prestación de servizos transnacional, sempre que exista unha relación laboral entre tales empresas e a persoa traballadora durante o período de desprazamento.

Para os efectos das definicións anteriores, enténdese incluída a persoa traballadora dunha empresa de traballo temporal posta a disposición dunha empresa usuaria no estranxeiro e desprazada temporalmente por esta a España no marco dunha prestación de servizos transnacional.

Variables de estudo

Segundo o artigo 5.2 da referida Lei 45/1999, a comunicación de desprazamento conterá os datos e informacións seguintes:

- A identificación da empresa que despraza á persoa traballadora.
- O domicilio fiscal de dita empresa e o seu número de identificación a efectos do imposto sobre o valor engadido.
- Os datos persoais e profesionais das persoas traballadoras desprazadas.
- A identificación da empresa ou empresas e do centro ou centros de traballo onde as persoas desprazadas prestasen os seus servizos.
- A data de inicio e duración previstas do desprazamento.

- A determinación da prestación de servizos que as persoas desprazadas van desenvolver en España, neste caso no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con indicación do suposto que corresponda dos previstos no artigo 2.1.1.

NOTA: Estes datos son os que figuran na solicitude que se pon ao dispor das empresas de xeito telemático (<https://trades.xunta.es>)

Variables de clasificación

Para poder explotar os datos debemos ter en conta que o programa REA non está deseñado para ofrecer toda a información que nos ofrece TRADES, por este motivo, a efectos de poder unificar os datos resultantes, algunhas das variables obtéñense dun ou doutro programa ou dos dous, segundo se especifica.


- Desprazamentos efectuados (REA e TRADES). Refírese ao número de comunicacións e, polo tanto, ao número de veces que as empresas desprazan traballadores/as a Galicia, aínda que sexan da mesma empresa. Nesta variable poderase ofrecer a nacionalidade das empresas desprazadas.
- Persoas traballadoras desprazadas (REA e TRADES). Esta variable inclúe o número, distribución provincial e nacionalidade.
- Tempo de desprazamento (TRADES). Esta variable só se pode recoller do programa TRADES, xa que no REA non se especifica. Non obstante, ao ser o REA exclusivamente dun sector e só para a primeira vez de comunicación da empresa en cuestión, os datos de tempo non distorsionan a estatística. Esta variable pódese ofrecer en días e como media.

6.1 Número de persoas traballadoras desprazadas por provincia, especificando a fonte REA ou TRADES

Fonte	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
REA *	351	43	95	274	763
TRADES**	3.873	832	858	1.072	6.635
TOTAIS	4.224	875	953	1.346	7.398

*REA: Rexistro de Empresas Acreditadas do sector da construción
**TRADES: Rexistro de Desprazamento Transnacional de Traballadores


G 6.1 Número de persoas traballadoras desprazadas por provincia, especificando a fonte REA ou TRADES




6.2 Número de desprazamentos de persoas traballadoras de empresas, por nacionalidade, desagregadas por provincias — especificando fonte REA ou TRADES

Fonte	Orixe	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
REA	Portugal	4	12	2	91	109
	Alemaña	19		1		20
	Bélxica	3	1			4
	Brasil	1	1			2
	Bulgaria	7				7
	Dinamarca	13			1	14
	Italia	16			11	27
	Polonia	247	42	93	262	644
	Reino Unido	44				44
TOTAIS REA	TOTAIS REA	354	56	96	365	871

G 6.2 Número de desprazamentos de persoas traballadoras de empresas, por nacionalidade, desagregadas por provincias — fonte REA



Fonte	Orixe	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
TRADES	ALEMAÑA	43	10	1	24	78
	ESPAÑA	170	70	15	51	306
	LITUANIA	2	0	0	0	2
	PORTUGAL	3.421	733	830	1.575	6.559
	BULGARIA	37	0	0	0	37
	DINAMARCA	44	0	0	0	44
	PAÍSES BAIXOS	3	0	0	1	4
	FRANCIA	0	0	2	9	11
	POLONIA	15	0	0	9	24
	ROMANÍA	9	1	0	21	31
	AUSTRIA	26	10	0	1	37
	CROACIA	13	0	0	0	13
	SUECIA	10	0	0	0	10
	ITALIA	38	10	0	12	60
	BÉLXICA	26	0	0	6	32
	LETONIA	1	0	0	0	1
	FINLANDIA	0	0	0	1	1
	REPÚBLICA CHECA	1	0	0	0	1
	REINO UNIDO	65	0	12	0	77
	OUTROS	4	5	0	0	9
TOTAL TRADES		3.928	839	860	1.710	7.337




6.3 Media de persoas traballadoras desprazadas polas empresas, desagregada por provincias – fonte TRADES

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Media
6,02	1,29	1,33	2,65	2,82

6.4 Número total de días de desprazamento, por provincia, fonte TRADES

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Media
241.162	12.342	36.297	225.198	514.999


G 6.4 Número total de días de desprazamento, por provincia, fonte TRADES



6.5 Número de inscricións /renovacións de empresas, por nacionalidades, por provincia, especificando fonte REA ou TRADES

Fonte	Orixe	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
REA	ALEMAÑA	2		1		3
	BÉLXICA	3				3
	BRASIL		1			1
	BULGARIA	1				1
	DINAMARCA	1				1
	ITALIA	3			1	4
	POLONIA	5			1	6
	PORTUGAL	64	12	35	91	202
	REINO UNIDO	9				9
TOTAL		88	13	36	93	230

G 6.5 Número de inscricións /renovacións de empresas, por nacionalidades, por provincia, fonte REA



Fonte	Orixe	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
TRADES	ALEMAÑA	49	3	1	31	84
	AUSTRIA	28	2	0	1	31
	BULGARIA	9	0	0	0	9
	BÉLXICA	10	0	0	1	11
	CROACIA	6	0	0	0	6
	DINAMARCA	7	0	0	0	7
	REINO UNIDO	34	0	1	0	35
	FRANCIA	0	0	3	4	7
	RUMANÍA	4	1	0	1	6
	ITALIA	23	2	0	13	38
	LITUANIA	2	0	0	0	2
	POLONIA	6	0	0	4	10
	FINLANDIA	0	0	0	1	1
	SUECIA	3	0	0	0	3
	PAÍSES BAIXOS	3	0	0	2	5
	LETONIA	1	0	0	0	1
	PORTUGAL	1.630	381	349	745	3.105
	REPÚBLICA CHECA	1	0	0	0	1
	OUTROS	3	1	0	0	4
TOTAIS TRADES		1.819	390	354	803	3.366



07

Infraccións e sancións na orde social

07

Infraccións e sancións na orde social

Fontes e notas metodolóxicas

O obxecto de investigación estatística deste apartado é o de ter información sobre as actas de infracción levantadas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia, e tómase como período de referencia o ano 2025.

As principais disposicións legais referidas a esta materia son as recollidas na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE 10.11.95).
- Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais (BOE 13.12.03).
- Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social (BOE 11.10.2011).
- Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 24.10.2015).
- Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do sistema

de Inspección de Traballo e Seguridade Social (BOE 22.11.15).

- Real decreto 928/1998 polo que se aproba o Regulamento xeral sobre os procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social (BOE 03.06.98), modificado polo Real decreto 772/2011 (BOE 21.06.11).
- Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social (BOE 08.08.00).
- Real decreto 689/2005, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, (BOE 23.06.05) aprobado polo Real decreto 138/2000, de 4 de febreiro (BOE 16.02.00).
- Real decreto 689/2006, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social e o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións na orde social, para regular a actuación dos técnicos habilitados en materia de prevención de riscos laborais (BOE do 23.06.05; CE BOE do 17.10.05).
- Real decreto 306/2007, do 2 de marzo, polo que se actualizan as contías das sancións establecidas no texto refundido da Lei sobre infraccións e

sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto (BOE 19.03.07).

- Real decreto 597/2007, do 4 de maio, sobre a publicación das sancións por infraccións moi graves en materia de prevención de riscos laborais (BOE 05.05.07).

2) Transferencia

Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE 28.09.82; DOG 19.10.82).

Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG 19.10.82).

3) Normativa autonómica

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 29.1º, que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que, neste eido e no ámbito de execución, lle corresponden ao Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste.

De acordo co anterior, polo Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, transfíreselle á Xunta de Galicia a potestade sancionadora por infraccións na orde social, na actualidade asignada á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Orde do 22 de maio de 1987, pola que se determina o procedemento que se ten que seguir na recadación, en período voluntario e executivo, de multas e sancións (DOG 03.07.87).

Así mesmo, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, ditada en uso da competencia exclusiva establecida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia, regula, no seu artigo 139, o réxime de infraccións e sancións en materia de sociedades cooperativas.

O artigo 34.7º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, segundo redacción dada polo artigo 30 da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo, permite a atribución regulamentaria

da competencia para resolver os recursos administrativos promovidos contra as resolucións das entidades ou organismos da consellería a outros órganos distintos do seu titular.

O Decreto 70/2008, do 27 de marzo, establece a distribución de competencias entre os órganos da Administración autonómica galega para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector (DOG 15.04.08).

Co fin de executar e desenvolver determinados aspectos do Real decreto 597/2007 ditouse a Orde do 30 de xullo de 2008, que ten por obxecto fixar a competencia, o procedemento e os medios para facer públicas as sancións que por infraccións moi graves en materia de prevención de riscos laborais impoñan os órganos competentes no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e a creación do correspondente rexistro (DOG 07.08.08).

Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG 24.04.24), que, pola súa vez, debe ser posto en relación co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e que conforme a súa disposición transitoria mantén os órganos superiores e de dirección existentes coa mesma estrutura e funcións mentres non se proceda ao desenvolvemento do citado decreto, encomenda á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais a dirección, coordinación, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia de relacións laborais, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, promoción do emprego de calidade e, en concreto, o exercicio de funcións en materia de lexislación laboral e en prevención de riscos laborais, e todas aquelas que como autoridade laboral debe desenvolver en virtude das competencias que lle corresponden á Consellería.

Tamén lle encomenda á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, no ámbito das súas competencias, o coñecemento e a resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas polos órganos territoriais no seu respectivo ámbito.

En virtude do exposto anteriormente o coñecemento das infraccións nas materias laborais e de prevención de riscos laborais e por obstrución ao labor inspector no ámbito competencial substantivo da Comunidade Autónoma de Galicia corresponderalle á Consellería

de Emprego, Comercio e Emigración, en virtude de acta levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, e mediante a tramitación do correspondente expediente.

A competencia para sancionar por infraccións en materia laboral e obstrución á actividade inspectora corresponderalles:

- Ás persoas titulares dos departamentos territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ata 12.500 euros.
- Á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, de 12.501 euros ata 62.500 euros.
- Á persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de 62.501 euros ata 125.000 euros.
- Ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de 125.001 euros ata 187.515 euros.

A competencia para sancionar por infraccións en materia de prevención de riscos laborais corresponderalles:

- Ás persoas titulares dos departamentos territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ata 40.985 euros.
- Á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, de 40.986 euros ata 123.000 euros.
- Á persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de 123.001 euros ata 409.900 euros.
- Ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de 409.901 euros ata 819.780 euros.

A competencia para sancionar por infraccións en materia de cooperativas, de conformidade co disposto no artigo 139.5º da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, corresponderalles:

- Ás persoas titulares dos departamentos territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ata 6.010,12 euros, cando a cooperativa figure inscrita nos correspondentes rexistros provinciais.
- Á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, ata 18.030,36 euros.
- Á persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ata 30.050,61 euros.

Para a determinación do órgano competente para a imposición das sancións correspondentes terase en conta, en cada caso, a contía proposta pola Inspección de Traballo e Seguridade Social a través da acta levantada para o efecto.

Nos supostos de pluralidade de infraccións correspondentes á mesma materia nun único expediente sancionador, será órgano competente para impoñer a sanción pola totalidade das devanditas infraccións o que o sexa para impoñer a de maior contía.

Na suspensión de actividades de empresas de traballo temporal será competente para resolver a persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, nos supostos de reincidencia da empresa de traballo temporal na comisión de infraccións tipificadas como moi graves, no artigo 18 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, cando o expediente sancionador leve aparelada a proposta de suspensión de actividades, conforme o previsto no artigo 41.3º da mesma norma.

O Consello da Xunta de Galicia, cando concorran circunstancias de especial gravidade nas infraccións en materia de seguridade e saúde no traballo, poderá acordar a suspensión das actividades laborais por un tempo determinado ou, no caso extremo, o peche do centro de traballo correspondente, sen prexuízo, en todo caso, do pagamento do salario ou das indemnizacións que procedan e das medidas que se poidan arbitrar para a súa garantía, de acordo co establecido no artigo 53 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

As resolucións ditadas polos órganos territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

As resolucións ditadas pola persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

3) Convenios

Convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Inmigración e a Comunidade Autónoma

de Galicia, en materia de Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Sancións e demais actuacións públicas en materia laboral

O procedemento sancionador está regulado a través do Real decreto 928/1998, do 14 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social recollidas, modificado polo Real decreto 772/2011, do 3 de xuño, a súa vez, no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Este procedemento iníciase en virtude de acta de infracción ou obstrución levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social de oficio, por propia iniciativa, mediante denuncia ou por instancia de persoa interesada.

Os departamentos territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración levan a cabo a tramitación e control directo da recadación de multas impostas dentro do seu ámbito territorial. Fan un recuento das ingresadas no período voluntario e as non ingresadas no dito período remítenas á Consellería de Facenda, para o inicio da vía executiva. Tamén, mensualmente, achegan á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais os datos dos expedientes iniciados e resolto, así como os resultados da recadación de multas.

Nos servizos centrais lévase a cabo a tramitación e control directo da recadación de multas impostas dentro do seu ámbito de competencia, recóllense igualmente os datos dos expedientes iniciados e resolto en instancia pola propia Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais así como en vía de recurso e na vía contencioso administrativa.

Esta secretaría xeral fai un seguimento mensual da situación da recadación. O ámbito territorial ten como extensión a Comunidade Autónoma de Galicia, tendo o máximo nivel de desagregación nas provincias.

O ámbito poboacional comprende as persoas traballadoras e empresas da Comunidade Autónoma de Galicia. As unidades informantes son os departamentos territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Variables de estudo

Expedientes iniciados e resolto en primeira instancia diante dos departamentos territoriais e expedientes iniciados e resolto nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso.

Variables de clasificación

Ámbito territorial, materia, tipo de infracción e grao de sanción, órgano competente para resolver e contía das sancións.

Os datos achegados neste capítulo reflicten os resultados do ano 2024, segundo:


- Expedientes iniciados en primeira instancia diante dos departamentos territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, con indicación do número de expedientes e da contía das sancións e datos relativos ao tipo, grao e materia da sanción.
- Expedientes resolto en primeira instancia, con independencia de quen sexa a autoridade laboral competente para resolver "departamentos territoriais, secretaría xeral, conselleiro/a ou Consello da Xunta (no sucesivo, DT/SX/C/CX)", segundo tipo, grao, materia da sanción e contía total das multas impostas, con independencia do ano da súa iniciación.
- Expedientes iniciados nos servizos centrais, tanto en 1ª instancia como en vía de recurso e expedientes resolto nos servizos centrais, tanto en 1ª instancia como en vía de recurso, formulados en anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou a resolución de instancia.
- Total de expedientes iniciados e resolto nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso. Ano 2025.

No cómputo do número de expedientes, tanto dos iniciados como dos resolto, cada expediente pode conter máis dunha infracción da mesma ou diferente materia e do mesmo ou diferente tipo e grao, e computaranse como un só expediente.

7.1 Expedientes de sancións iniciados en primeira instancia nas direccións territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción

Provincia	Nº expedientes	Contía das sancións
A Coruña	803	2.992.533,73 €
Lugo	183	598.530,00 €
Ourense	153	717.723,50 €
Pontevedra	533	2.316.152,00 €
Totais	1.672	6.624.939,23 €

G 7.1 Expedientes de sancións iniciados en primeira instancia nas direccións territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción



Sancións en materia de relacións laborais

Provincia	Relacións Laborais					
	Infraccións			Grao de sanción		
	Moi grave	Grave	Leve	Máximo	Medio	Mínimo
A Coruña	39	451	5	59	99	337
Lugo	7	94	0	3	8	90
Ourense	25	78	3	2	9	95
Pontevedra	33	249	1	23	49	217
Totais	104	872	9	87	165	739


Sancións en materia de seguridade e saúde laboral

Provincia	Seguridade e saúde laboral					
	Infraccións			Grao de sanción		
	Moi grave	Grave	Leve	Máximo	Medio	Mínimo
A Coruña	1	301	6	10	27	271
Lugo	0	81	1	0	4	78
Ourense	0	85	0	4	4	77
Pontevedra	0	203	7	8	26	179
Totais	1	670	14	22	61	605

7.2 Expedientes resoltos en primeira instancia, segundo o órgano competente e o seu ámbito territorial, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción

Competencia	N.º de expts.	Contía das sancións
A Coruña	787	1.956.907,95 €
Lugo	157	332.413,60 €
Ourense	140	520.761,00 €
Pontevedra	548	1.491.789,80 €
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais	30	956.181,14 €
Conselleiro/a	1	68.357,99 €
Consello Xunta	1	192.000,00 €
Totais	1.664	5.518.411,48 €

G 7.2 Expedientes resoltos en primeira instancia, segundo o órgano competente e o seu ámbito territorial, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción



En materia de relacións laborais

Provincia	Relacións Laborais					
	Infraccións			Grao de sanción		
	Moi grave	Grave	Leve	Máximo	Medio	Mínimo
A Coruña	35	461	5	53	111	337
Lugo	6	78	0	3	10	71
Ourense	22	61	3	2	6	78
Pontevedra	22	288	1	28	52	231
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais	27	2	0	5	11	13
Conselleiro/a	1	0	0	0	1	0
Consello Xunta	1	1	0	1	1	0
Totais	114	891	9	92	192	730

En materia de seguridade e saúde laboral

Provincia	Seguridade e saúde laboral					
	Infraccións			Grao de sanción		
	Moi grave	Grave	Leve	Máximo	Medio	Mínimo
A Coruña	1	279	6	4	36	246
Lugo	0	71	2		5	68
Ourense	0	91	0	4	7	80
Pontevedra	0	290	9	5	20	274
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais	4	3	0	2	0	5
Conselleiro/a	1	0	0	0	1	0
Consello Xunta	1	1	0	1	1	0
Totais	7	735	17	16	70	673

7.3 Expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados nos anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou resolución de instancia, procedemento e materia.

RASX: Recurso de alzada Secretaría Xeral Técnica

ISX: 1.ª instancia Secretaría Xeral Técnica

RAC: Recurso alzada conselleiro/a

IC: 1.ª instancia conselleiro/a

Rep.: Recurso de reposición

Rev.: Recurso de revisión

Expedientes iniciados nos servizos centrais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración


N.º expts.	Provincia				Procedemento					Materia	
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	RA SX	I SX	RA C	I C	CX	Relacións laborais	Seguridade e saúde laboral
208	118	24	19	47	162	26	18	1	1	91	117

Expedientes resoltos nos servizos centrais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tanto en 1ª instancia como en vía de recurso.

N.º expts.	Provincia				Procedemento					Materia	
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	RA SX	I SX	RA C	I C	CX	Relacións laborais	Seguridade e saúde laboral
180	83	15	20	62	136	30	12	1	1	85	95

Procedemento	Iniciados	Resoltos
Recurso de alzada	162	136
Instancia Secret. Xeral de Em-prego e Relacións Laborais	26	30
Instancia conselleiro/a	1	1
Recurso de alzada conselleiro/a	18	12
Instancia Consello Xunta	1	1
Recurso de revisión	0	0
Recurso de reposición	1	0
Totais	209	180


G 7.3 Expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados nos anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou resolución de instancia, procedemento e materia.



7.4– Total de expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados nos anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou a resolución de instancia do procedemento.

Provincia	Iniciados	Resoltos
A Coruña	118	83
Lugo	24	15
Ourense	19	20
Pontevedra	47	62
Totais	208	180

G 7.4– Total de expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados nos anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou a resolución de instancia do procedemento.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

Xacobeo  2027